

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CULTURAL OFICINA MEDIA ESPAÑA E A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC), PARA A SÚA CONTINUIDADE NO PATRONATO DA MESMA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa Fundación Cultural Oficina Media España (FCOME) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue ***ata o 31 de decembro de 2019.***

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Crear un marco de colaboración entre a Fundación Cultural Oficina Media España (FCOME) e Agadic da Comunidade Galega para a plena implantación e consolidación do Subprograma MEDIA da Comisión Europea nesa rexión.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A FCOME é unha institución cultural sen ánimo de lucro, de ámbito nacional, na que o fin primordial, tal e como se define nos seus estatutos, é o establecemento e xestión da Oficina Media España, dentro do Subprograma Media do Programa Europa Creativa 2014-2020 da Comisión Europea e que ten o mandato da Unión Europea de promover o Subprograma Media en toda España, informar ao sector das axudas e iniciativas, prestar asistencia técnica aos profesionais e empresas interesados en ampliar os seus coñecementos do mercado internacional, para adecuar os seus proxectos ás demandas do mercado en cada momento.

Que o Goberno da Xunta de Galicia, a través da Agadic, ten entre as súas finalidades o fomento e a promoción do audiovisual galego e a planificación, execución e coordinación da política cultural da Xunta no campo da cinetografía e o audiovisual.



Que a FCOME e Agadic ten interés en consolidar a presenza e o impacto do Subprograma Media no ámbito territorial de esa Comunidade Galega, como estratexia de desenvolvemento rexional e local que incorpora a cultura, a creatividade e as artes, contribuíndo a mellorar a calidade de vida de esa rexión e dos seus cidadáns por medio do fomento da diversidade cultural e o diálogo intercultural. A consecución de tales fins pasa por colaborar en aumentar a competitividade de empresas galegas e do sector audiovisual galego no seu conxunto, a nivel internacional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura electrónica

